



# Millán Abeledo

MESTRE DE VIOLONCHELO

---

## Historial Académico

Comeza os estudos de violoncello con Tatiana Cucerenco y Vera Kolar. Continúa os seus estudos superiores no CSMA (Zaragoza) con Ángel Luis Quintana e Bárbara Switalska, con Natalia Shakhovskaya na *Escuela Superior de Música Reina Sofía* (Madrid) e Troels Svane na *Musikhochschule Lübeck* (Alemania).

Foi becario da Fundación BBVA e da Fundación Segundo Gil Dávila

## Experiencia

Recibiu diferentes premios ao longo da súa carreira profesional: I Premio Concurso Nacional de Violoncello (Carcaixent), I Premio Fundación Veo Veo, Accésit I premio Concurso Ruperto Chapí (Villena) y I Premio Concurso Santa Cecilia 2014 (Portugal).

Foi membro da JONDE e colaborou con diferentes orquestras como: Orquesta Nacional de España, Orquesta Sinfónica de Galicia, Orquesta de Cámara Reina Sofía, Orquesta DaCamera, Orquesta Del Palau de les Arts o Tsingtao International Music Festival Orchestra 2019 (China), entre outras.

En 2016 grava o seu primeiro disco "Faces" para KNS Classical, con repertorio para violoncello e piano de Shostakovich, Rachmaninov, Piazzola e Cassadó. Este mesmo ano tamén actúa como solista coa Orquesta Gaos, interpretando o Doble Concierto de Brahms.

Na actualidade, desenvolve a súa actividade profesional en diferentes vertentes: a **orquestral**, formando parte do cadro de persoal da Real Filharmonía de Galicia desde 2014 como violoncello tutti; como mestre de violoncello na Escola de Música Berenguela; como músico de cámara con diferentes formacións estables como Bambú Ensemble, Trío Mosaicos, Cuarteto Novecento, Soncello Ensemble ou Dúo Gamma e traballando tamén na divulgación da música formando parte do equipo directivo da Aula de Cámara Airas Nunes e a Asociación de Violoncellistas de Galicia Soncello.

## Millán Abeledo

Millán Abeledo naceu en Silleda, Pontevedra.

Comeza a súa traxectoria musical con Tatiana Cucerenco e Vera Kolar. Remata os seus estudos superiores no CSMA de Zaragoza.

Recibiu diferentes premios, formou parte de diferentes orquestras sinfónicas e actualmente desenvolve a súa vida no ámbito orquestral, da docencia e da divulgación.